

Diligencia de Secretaría: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía nº 2019-0778 de 13.08.2019.

**BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL EN PRÁCTICAS DE DÚAS
PERSONAS TITULADAS UNIVERSITARIAS SEN EXPERIENCIA LABORAL (GRAO EN
DEREITO E GRAO EN ECONOMÍA)**

1.-OBJECTO.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral en prácticas de dúas persoas tituladas universitarias sen experiencia laboral previa, co fin de poder adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitar a súa inserción no mercado laboral, de conformidade coas Bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego" nos Concellos publicadas pola Deputación Provincial de Pontevedra no BOPPO núm. 92 de 15.05.2019.

As persoas a seleccionar serán unha persoa con titulación de licenciatura/grao en dereito e unha persoa coa titulación de licenciatura/grao en economía

A selección efectuarase entre demandantes de emprego desempregados ou co cartón de mellora de emprego, inscritos no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas.

A modalidade contractual que se empregará será a contratación en prácticas a tempo completo e por un primeiro período de seis meses e doutros seis meses máis, en caso de prórroga do contrato e condicionado á existencia de crédito suficiente no Orzamento provincial e municipal correspondente.

O salario a abonar aos traballadores, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización, en importe mensual, é de 1568,21 euros.

As funcións a desenvolver polas persoas contratadas serán as de Técnico Superior de Administración Xeral, correspondentes á titulación pola que se lles realizou o contrato en prácticas, podendo destinarse a un ou varios departamentos municipais ao longo do período de contratación.

Titulado/a en Grao de Economía:Corresponderalle, baixo as indicacións dos/as responsables de departamento de Intervención e Tesourería Municipal, a participación e colaboración, entre outras, nas seguintes tarefas:

- Redacción de documentación relativa á revisión de Ordenanzas fiscais, para a súa actualización conforme a normativa vixente.



- Seguimento das áreas contables de maior relevancia: proxectos de gasto, endebedamento, instrucións....
- Colaboración nas obrigacións de suministro de información ao Ministerio de Facenda.
- Elaboración dos principais documentos de Intervención coma Conta Xeral, Orzamentos municipais, etc...

Titulado/a en Grao de Dereito:Corresponderalle,baixo as indicacións dos/as responsables de departamento de Secretaría e Urbanismo, a participación e colaboración, entre outras, nas seguintes tarefas:

- Implantación do Proxecto de Protección de Datos do Concello de Salceda de Caselas.
- Preparación dos expedientes de contratación administrativa, especialmente na documentación de carácter técnico, como pregos de cláusulas administrativas, formalización dos contratos e resolución de posibles recursos. Elaboración de pregos de cláusulas administrativas xerais.
- Preparación dos expedientes desección de persoal, especialmente na documentación de carácter técnico como as bases de selección.
- Elaboración e/ou revisión de regulamentos e ordenanzas municipais.
- Seguimento de tramitacións relativas ao Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

2.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte na selección será preciso reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificadas:

- Ser desempregado inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado ou co cartón de mellora de emprego e que esté dispoñible para o emprego.
- Estar en posesión do título de licenciado/graduado en dereito ou licenciado/graduado en economía ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.
- Que non transcorresen máis de cinco anos, ou de sete cando o contrato celébrese cunha persoa con discapacidade, desde a finalización doscorrespondentes estudos.
- Non estar contratado en prácticas pola mesma ou distinta persoa física ouxurídica por un tempo superior a un ano.
- Ser convocado pola Oficina de Emprego de O Porriño mediante notificación oficial deste organismo.



- Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutros Estados en os termos previstos en Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (artigo 57), e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, reguladora dos “Dereitos e Liberdades de os estranxeiros en España e a súa integración social “que establece no seu artigo 10.2 que, as persoas estranxeiras poderán acceder como persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas de acordo aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Para ese efecto poderán presentarse ás ofertas de emprego que convoque a Administración Pública.
- As persoas estranxeiras con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as españolas sempre que acrediten estar en posesión da titulación correspondente previamente homologada ou validada polo organismo competente e de acordo á lexislación vixente.
- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- Acreditación do coñecemento da lingua Galega: **CELGA 4**. Será requisito necesario contar coa acreditación de posuír o nivel do coñecemento da lingua galega segundo as bases específicas de cada unha das prazas/empregos que se convoquen ou acreditación equivalente. Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente. No suposto de non contar coa mesma, os aspirantes deberán superar un exame en galego. Esta proba é obrigatoria para estes aspirantes. A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para galego ou en galego para o castelán. Esta proba é obrigatoria e eliminatória e calificarase con apto ou non apto.
-

3.- SISTEMA DE SELECCIÓN.



O Concello de Salceda de Caselas solicitará cinco traballadores por posto mediante a presentación da correspondente oferta de emprego na Oficina Pública de emprego de O Porriño, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores que se contratarán.

Presentada a oferta de emprego, o Servizo Público de Emprego levará a cabo unha preselección das persoas candidatas segundo a titulación dos postos de traballo que se vandesempeñar e a razón dun máximo de 5 por posto, que remitirá ao concello para proceder á selección das persoas beneficiarias destas contratacións en prácticas.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

4.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse no **modelo de instancia (ANEXO I)** que se xunta a estas bases e deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Salceda de Caselas, **con data límite de 29 agosto de 2019** sendo o horario de presentación da documentación de luns a venres: 9.00 a 14.00 h.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Xustificante da titulación esixida (copia do título académico). Na titulación presentada debe figurar necesariamente a data de fin de estudos e a nota media de estudos calculada para as titulacións universitarias polo R. d. 1125/2003, de 5 de setembro.
- Documentación acreditativa do título de exención do exame de galego (Celga 4). Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente.
- Vida laboral.
- **Anexo II.** Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias, non téndose en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.
- **Anexo III: Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade** recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto

físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

5.- CONCURSO DE MÉRITOS E EXAME DE GALEGO.

O procedemento de selección será o de concurso, por estar así establecido nas Bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego” nos Concellos publicadas no BOPPO núm. 92 de 15.05.2019.

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R. d. 1125/2003, de 5 de setembro. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2,00 puntos.

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en prácticas, 0,50 puntos por título ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento)

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

a) De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.

b) De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.

c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.



- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse documentación xustificativa de ter finalizado o curso, ben sexa a través dun exemplar orixinal ou mediante copia compulsada de informe emitido pola persoa responsable ou coordinadora do curso, de orixinal ou copia compulsada de certificado, ou de copia compulsada do diploma expedido pola entidade organizadora (calquera das tres xustificacións é válida). En ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación os extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) Terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

Enlace á web do Ministerio onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster:

<http://www.ciencia.gob.es/portal/site/MICINN/menuitem.8ce192e94ba842bea3bc811001432ea0/?vgnnextoid=da1205a86e676610VgnVCM1000001d04140aRCRD&vgnnextchannel=d8a7f08ad12b4610VgnVCM1000001d04140aRCRD>

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no día e hora que sinale o concello.

EXAME DE GALEGO.

Terá carácter **eliminatorio** e será **obrigatoria** a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan con antelación a realización da proba estar en posesión do título acreditativo de estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior.



Os/as aspirantes serán convocados no día, hora e lugar que sinale o Tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega que consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de **apto ou non apto**.

6.- CRITERIOS EN CASO DE EMPATE NA PUNTUACIÓN ACADADA

En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza una infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade. En caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

No taboleiro de anuncios do concello (salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board/) publicaranse as puntuacións outorgadas, xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada unha das titulacións ofertadas, indicando as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado polos seguintes membros, todos eles con voz e dereito a voto excepto o Secretario:

Presidente/a: Un/ha funcionario/a da Corporación e suplente designado pola Presidenta da Corporación.

Secretario/a: Un/ha funcionario/a do concello (sen voto), e suplente designado pola Presidenta da Corporación.

Vogais: Tres membros (persoal funcionario ou laboral), e suplentes designados pola Presidenta da Corporación.

Segundo o recollido no art. 60 Do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de alguén.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, os cales se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

8.- CANDIDATOS PROPOSTOS.

Tras a baremación das solicitudes publicarase a lista provisional de persoas inscritas ao proceso selectivo cos resultados obtidos e coas valoracións correspondentes, outorgándose un prazo para efectuar alegacións, no seu caso, de tres días hábiles a contar desde o primeiro seguinte á publicación.

Unha vez resoltas, no seu caso, as alegacións, publicarase a listaxe definitiva de persoas propostas para contratación, ordenándose de maior a menor por orde de puntuación, obtendo as prazas as persoas con maior puntuación.

A publicación realizarase na páxina web e na sede electrónica do Concello de Salceda de Caselas, no seguinte enderezo:

<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board/>

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo cos artigos 40 e seguintes, que fan referencia as notificacións, da Lei 3/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e através de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Salceda de Caselas.

CRITERIOS EN CASO DE EMPATE NA PUNTUACIÓN ACADADA

Rematada as dúas fases anteriores o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello a relación dos candidatos por orden da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada en cada unha das fases do proceso selectivo.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, daráselle preferencia a aquel candidato que primeiro cumpra algún do seguintes criterios:

- 1- Nunca houbese traballado para o Concello de Salceda de Caselas.
- 2- Teña unha maior puntuación no epígrafe “circunstancias persoais”.
- 3- Teña a maior antigüidade inscrito no Servizo Público de Emprego.
- 4- Teña maior puntuación no apartado de formación especializada (de ser o caso sen ter en conta o límite máximo de puntuación).

A continuación o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de contratación á Alcaldía, para a decisión que proceda mediante Decreto, que será publicado no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello.

O Concello procederá á contratación laboral temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas na convocatoria sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser cubertas por aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación final igual ou superior a 5 puntos, que serían chamados por orde de puntuación.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Formulada a proposta de candidatos seleccionados, previa fiscalización preceptiva da Intervención municipal, ditarase resolución polo sr. Alcalde indicando os candidatos que se contratan e indicarse data nesta resolución para formalizar o contrato de traballo na modalidade de prácticas, sempre que a persoa candidata cumpra cos requisitos esixidos na base segunda. Caso de non cumprir o anterior pasarase á seguinte persoa candidata da listaxe de persoas propostas para contratación.

Ata que se formalice o contrato e se incorpore o candidato ao posto, os/as aspirantes non terán dereito á percepción económica algunha.



O acordo definitivo que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concelloe na sede electrónica do Concello, para coñecemento de todos/as aspirantes, que poderán interpoñe-los recursos previstos na vixente lexislación.

10.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA

As presentes bases estarán expostas ao público na sede electrónica do concello e de xeito complementario na páxina web do Concello durante o período de presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

A sede electrónica do concello será igualmente o medio para dar publicidade a todas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

11.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que resulten da súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.



ANEXO I-INSTANCIA

NOME E APELIDOS	
Nº DNI/NIE	
ENDEREZO (rúa, nº, piso, código postal, localidade e Provincia).	
Teléfono	
POSTO AO QUE SE OPTA	

De conformidade coas Bases de Selección que regulan a contratación laboral en prácticas de dúas persoas tituladas universitarias sen experiencia laboral previa e de conformidade coas Bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego”.

DECLARO:

1º- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.-Solicito ser admitido/a ao referido concurso, e comprométome ao sometemento das bases que o regulan.

MARCAR CUN X	DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA
	Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade, compulsado.
	Xustificante da titulación esixida (copia autenticada do título académico).
	Certificado de períodos de inscrición coma demandante de emprego.
	Vida laboral
	Anexo II. Relación de <u>méritos</u> que alega e documentación xustificativa de cada un deles.
	Anexo III. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade



De conformidade co disposto no Regulamento Europeo de Protección de Datos, infórmase:

1. Que os seus datos persoais serán tratados unica e exclusivamente para este proceso de selección.
2. Que o destinatario dos seus datos persoais é o Concello de Salceda de Caselas.
3. Que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Salceda de Caselas.
4. Que o responsable do tratamento é o Concello de Salceda de Caselas.

Salceda de Caselas, de de 2019

SINATURA:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS.



ANEXO III

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN MOTIVOS DE
INCOMPATIBILIDADE**

NOME E APELIDOS	
Nº DNI/NIE	
ENDEREZO (rúa, nº, piso, código postal, localidade e Provincia).	
Teléfono	
POSTO AO QUE SE OPTA	

De conformidade coas Bases de Selección que regulan a contratación laboral en prácticas de dúas persoas tituladas universitarias sen experiencia laboral previa e de conformidade coas Bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego”.

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Salceda de Caselas,.....de.....2019

Asdo:

